

# O colexio fala

9- xuño -2016

## *Excursión as Rías Baixas*

Pasámolo xenial!!! Para o meu gusto, esta foi a mellor excursión que fixemos.

Como dende Vila de Cruces leva pouco tempo, xa pola mañán, fomos para Pontevedra, con Raquel, una guía que nos explicou varias cousas sobre a cidade. Camiño do parque multiaventura de Marín, paramos no lago Castiñeiras para comer, había uns cantos patos por alí. No parque multiaventura fixemos moitas actividades, as tirolinas por exemplo. Logo cenamos no hotel La Noyesa, no Grove, onde tamén durmimos, pero antes fomos dar un paseo polo porto.

No segundo día, o meu favorito, despois de almorzar, visitamos o acuario do Grove, onde podemos ver peixes, moluscos... de distintas formas e cores non so das nosas rías, tamén doutras partes do mundo. Iso non nos levou moito tempo, entón, fomos en catamarán pola Ría de Arousa. Paramos diante dunhas bateas e explicáronnos un pouco como eran. Ademais, no catamarán comemos moitos mexilóns, e, anque había dúas ou tres gaiivotas un pouco pesadas, pasámolo moi ben. A tarde enredámola toda no museo de Arte Rupestre de Campo Lameiro, onde observamos petroglifos e un poboado da Idade de Bronce, reconstruído, loxicamente. Este non foi o que mais me gustou, pero pera sorpresa nosa, estábannos esperando un turitren no Grove no cal recorreremos a Illa da Toxa. A segunda noite non foi distinta, pero para min si, porque durmín moito mellor.

O terceiro día foi o máis intenso, porque para empezar levantámonos as sete da mañán. Polo demais estivo ben. Saímos en catamarán dende o porto de Vigo para visitar a Illa da San Simón. Alí, Alma e Noe explicáronnos a grandes rasgos a historia daquela illa, que, anque é pequena, algún tempo atrás tivo moita vida. Arredor das seis da tarde estábamos esperando o catamarán para levarnos de volta a Vigo, onde collemos o autobús de volta a Vila de Cruces.

E ao chegar, remata a nosa fantástica excursión, pois alí estábannos esperando os nosos país, moi contentos de vernos.



# Verdadeiros poetas!

Laura e Aleixandra(6º)

No pasado mes de maio , concretamente o martes día 10 , os alumnos deste centro celebramos o día das Letras Galegas , adicadas este ano a Manuel María , quen facía uns fermosos poemas.

Tivemos o honor de recitar algúns deles, mostrándollos a todo este colexio. Pareceravos estraño porqué celebramos as Letras Galegas ese día; pois ben, isto ten un motivo que é, que nós ,os de 6º, a semana da conmemoración de tal data, tivemos que enfrontarnos a unhas probas de diagnóstico recentemente aplicadas. Ademais disto, o día oficial para celebrar este importante acto é festivo , entón . . .

Moitos dos poemas mostrados fixémolos cantados coa súa respectiva música , e os restantes foron recitados , cos que elaboramos uns interesantes debuxos para que resultasen máis atractivas cada unha das poesías .

Despois de rematar , moitas das mestras atrevéronse a subir ao escenario e interpretar algúns poemas que cantáramos como : “O carro” , “O cuco” ...

Fixémolo estupendamente , como non!



## Visita ao cole dos máis pequerrechos

Os nenos de Educación Infantil preparámoslle a benvinda aos nenos que veñen ao cole para o curso 2016-17.

Cantámoslles unha canción, xogamos con eles na area e despois tomaron un aperitivo no comedor.

Pasámolo moi ben con eles e xa os estamos agardando para o curso que ven.

# Remátase o curso!

Aleixandra( 6º)

Como xa ven sendo tradición , o pasado venres 27 de maio todos os alumnos deste centro , acudimos a unha excursión de fin de curso xa que están a piques de comezar as desexadas vacacións tan esperadas dende o comezo deste ano escolar!

Este ano tivo lugar nas fermosas Illas Ons situadas na entrada da ría de Pontevedra.

Xa en Bueu , preparámonos para embarcar nun catamarán e dirixirnos a esta coñecida illa. Ao chegar ao noso destino , o primeiro que fixemos foi dar unha pequena ruta para coñecer a historia do lugar , curiosidades , recursos que utilizan as persoas que alí habitan ...

E cando nos demos de conta era xa a hora de xantar! A mañá pasounos voando.

Despois de encher o bandullo e descansar un anaco , descalzámonos e fomos para a Praia toda a tarde a disfrutar das fabulosas vistas das que alí se pode gozar.

Xogamos a diversos xogos como o pilla-pilla , a bomba ...

Cando deron as seis da tarde aproximadamente as nosas mestras acompañantes mandáronnos recoller para marchar e coller dirección Vila de Cruces.

De camiño ao noso pobo tivemos que parar nunha área de servizo xa que as nosas tripas comezaban a ruxir , pedían a merenda! E volvimos subir ao autobús correspondente para cada curso e chegar dunha vez por todas onda as nosas familias.

Quen nos dera repetir! Pero... o máis triste é que para o ano a esa excursión conxunta , faltará un curso , faltará sexto!

Botaremos moito de menos este tipo de actividades que os nosos magníficos profes levan a cabo!



## PROBAS DE TERCEIRO

Son Erea de 3º B, é para deciros que esta semana os nenos e nenas de terceiro fixemos as probas de Avaliación Individualizada. Foron os 24 e 25 de maio. O primeiro día fixemos a proba de Lingua Castelá e Matemáticas, o segundo día foron as de Lingua Galaga e outra de Mates.

Co meu curso estivo a profe Paz, a nosa profe de inglés, e cos compañeiros do grupo A estivo a profe Rocío, a profe de música.

A min reultáronma moi fáciles as de Lingua Castelá e as de Lingua Galega, as de Mates foron algo máis difíciles.

Nas probas das linguas escoitamos dous audios e logo contestamos unhas preguntas sobre eles. Tamén lemos un conto e contestamos preguntas, e para rematar fixemos unha decrición e escribimos un conto. Nas probas de Mates había problemas e preguntas sobre a hora, o diñeiro, as figuras xeométricas, cadro de barras, ....

Estas probas só serven para saber se estamos preparados para pasar a cuarto curso pero non contan nas nosas notas.



# GRAZAS

Chegou o momento de dicir o adeus que nunca quixemos chegar a pronunciar.

Resulta difícil pensar que o vindeiro ano non estaremos aquí , no noso colexio , o cal albergou toda a nosa infancia.

Deixamos atrás amizades , compañeiros, e moitos mestres cos que compartimos tanto horas de estudo como alegrías , enfados ou choros ... Grazas a todos vós podemos dicir que nos sentimos orgullosos de pasar por este fabuloso centro de ensinanza ,o C.E.I.P Nosa Sra. Da Piedade!

Querémosvos agradecer todo o que fixestes por nós .Grazas por esas ensinanzas que tanto nos axudaron e nos axudan , por esa adicación continua nas horas de clase , por esas charlas que tanto nos valeron para coñecer a realidade cos problemas entre cativos da nosa idade , polo apoio que en todo momento recibimos, por comprender os nosos problemas , por facer todo o posible para que nós tivésedes en todo momento un sorriso na cara...

Simplemente , debemos dar as grazas!

De verdade , para nós sodes un exemplo a seguir!

Podemos asegurarvos que endexamais vos imos olvidar , iso tedeo por seguro!

Quedarannos polo medio miles de cousas por citar, pero o que si é importante que saibades é que vos queremos!



Isto non é un adeus , senón que é un ata pronto!



## JUAN



da concha

Por outro lado picamos ben a cebola e o pemento, pasamos sobre un chorro de auga fría nun colador. Mesturamos todos os ingredientes pero do ovo só botamos a clara raiada.

Engadimos a vinagreta en cada cuncha sobre o mexillón e presentamos.

